

S XVIII: NOVAS TEORÍAS ECONÓMICAS

TEXTO 1

“Que o soberano e a nación xamáis perdan de vista que a terra é a única fonte de riqueza, e que é a agricultura quen as multiplica. Do mesmo xeito, o aumento das riquezas asegura o da poboación; os homes e as riquezas fan prosperar a agricultura, estenden o comercio, estimulan a industria, acrecentan e perpetúan as riquezas

Que se asegure ao seus lexítimos poseedores a propiedade dos ben mobles e inmobles, xa que a seguridade da propiedade é o fundamento esencial de orde económico da sociedade. Sen a certeza da propiedade, o territorio permanecería sen cultivar

Que unha nación que teña un gran territorio para cultivar e a posibilidade de exercer un gran comercio de mercadorías en bruto, non confíe demasiado no emprego do diñeiro e dos homes nas manufacturas e no comercio de luxo, en perxuízo dos traballos e gastos da agricultura...

Que se manteña a máis total liberdade de comercio, porque a política máis segura de comercio interior e exterior, a máis exacta, a máis proveitosa á nación e ao Estado consiste na plena liberdade de competencia ...”

F. Quesnay. Táboa económica, 1758.

TEXTO 2

“O terratenente, ao facer contrato co cultivador, págalle o menos posible, fixa os salarios do xornaleiro, que non ten máis que vender o seu traballo, e prefire ao que o fai máis barato, xa que pode elixir entre gran número de traballadores. Pola competencia que un fai ao outro, estes vense obrigados a baixar o prezo.

En calqueira clase de traballo non pode deixar de suceder, e, de feito así ocorre que os salarios do traballador teñan coma límite o que lles é indispensable para procurarse a súa subsistencia.”

Turgot. Reflexións sobre a formación e distribución das riquezas. 1767.

TEXTO 3

“Os estatutos para regular os salarios e o prezo do traballo son outro absurdo e un dano moi grande para o comercio. Absurdo debe parecer seguramente o que unha terceira persoa intente fiar o prezo entre comprador e vendedor sen o seu mutuo consentimento. Pois ¿para que serve un cento de leis reglamentarias, si o xornalero non quere vender ao prezo estatuido, ou o amo non quere pagalo? E, sen embargo, si aínda isto fora posible, todavía existe unha gran dificultade, a saber: ¿como pode vostede obrigarlle a traballar ao xornaleiro, ou ao dono a que lle dea traballo a menos que eles mesmos o conveñan? Y si ellos convienen ¿por que vostede ou outro calesqueira haberían de intervir?”

Tucker. Instructions. 1757.

TEXTO 4

“Todo home, con tal que no viole as leis da xustiza, debe quedar perfectamente libre para abrazar o medio que mellor lle pareza para buscar o seu modo de vivir, e os seus intereses; e que poidan saír as súas producións a competir coas de calquera outro individuo da natureza humana (...). Según o sistema da liberdade negociante, ao soberano só quedan tres obxas principais a que atender: a primeira, protexer a á sociedade da violencia e invasión de outras sociedades independentes; a segunda, o poñer no posible a cuberto da inxustiza e opresión dun membro da república a outro que o sexa tamén da mesma (...); e a terceira, a de manter e erixir certas obras e establecementos públicos, a que nunca poden alcanzar, nin acomodarse aos intereses dos particulares, ou de poucos individuos, senón os de toda a sociedade en común: por razón de que aínda que as súas utilidades recompensen con abundancia os gastos ao corpo xeral da nación, nunca recompensarían si os fixese un particular.”

Adam Smith. A riqueza das nacións. 1776